

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE03	Automatización e robótica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0971	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CÉSAR ALBERTO FERNÁNDEZ NOYA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora ten como obxectivos xerais despertar no alumnado o interese polo mundo da empresa, así como achegalo aos instrumentos necesarios para a súa creación e a determinación da viabilidade da mesma. En base ao indicado no currículo e mais da experiencia destes anos, a programación do módulo orientarase pedagoxicamente ao modelo de traballos por proxectos, facendo un especial esforzo no traballo colaborativo entre os alumnos, coa aplicación práctica dos contidos, mediante o traballo e elaboración dun proxecto empresarial. Procúrase despertar no alumnado as capacidades da Iniciativa e do Emprendemento, importantes para a súa vida.

O alumnado que acode ao Politécnico para seguir o ciclo de mecanizado é alumnado motivado, con ganas de atopar traballo ao rematar o ciclo, e que apreza a situación e experiencia do centro na empregabilidade do seu alumnado, tanto pola boa preparación coa que saen os alumnos e alumnas do ciclo, como por a situación nunca cidade que require e necesita traballadores/as competentes. Dentro do sector existen posibilidades para o autoemprego en áreas novas e con posibilidades de expansión. En particular, nas enerxías renovábeis, na bioconstrución, na eficiencia enerxética ou na conservación e mellora das instalacións. Deste xeito, atenderemos moi particularmente o ámbito dos emprendedores sociais, do medio ambiente e das novas tecnoloxías, para que o alumnado teña ferramentas dabondo que lle permitan emprender no seu traballo e na súa vida.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A INICIATIVA EMPREENDEDORA, A IDEA	¿Cómo imos facelo?	12	20
2	O plan de empresa	Planificación da idea de negocio	17	26
3	Plans do plan de empresas	Análise e valoración dos plans incluídos dentro do plan de empresa	17	27
4	Xestión dunha PEME	Día a día dunha PEME	17	27

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A INICIATIVA EMPRENDEDORA, A IDEA	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de electricidade e electrónica.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da automatización e robótica industrial, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de automatización e robótica industrial (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de electricidade e electrónica.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da automatización e a robótica industrial

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O plan de empresa	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa automatización e robótica industrial e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de automatización e robótica industrial, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de automatización e robótica industrial, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial: clientela, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



Contidos

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Plans do plan de empresa res	17

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de electricidade e electrónica.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de automatización e robótica industrial tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de automatización e robótica industrial.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión dunha PEME	17

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa automatización e robótica industrial, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de electricidade e electrónica.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de automatización e robótica industrial: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O alumnado debe superar positivamente todos os criterios de avaliación establecidos como criterios mínimos en cada unha das unidades. Os criterios de cualificación veñen determinados por:

1. O peso específico de cada criterio de avaliación na unidade.
2. O peso ponderado de cada unidade en relación á temporalización total do módulo.

Da media ponderada de todos estes criterios, obtérase a CUALIFICACIÓN individual do alumno. Para os traballos grupais, a cualificación será única para todos os membros do grupo.

Como síntese dos mínimos exigibles dicir que o módulo de EIE procura que o espírito emprendedor chegue a todo o alumnado. Dentro deste módulo, como mínimos exigibles se solicita que se "sumerxan" no mundo e no pensamento da innovación, entendendo que é un pilar básico para o progreso dunha sociedade. Hai outros requisitos que deberían asociar de xeito inequívoco coa actividade empededora, e serían, a creatividade, a formación, a responsabilidade social e a colaboración; tamén o risco é inevitable. Estes elementos se traballarán no sector, e, tanto estes coma o proceso que vai dende a idea de negocio ata a plasmación en empresa, é o mínimo a exigir para acadar a avaliación positiva.

Os criterios de avaliación considerados como mínimos, deberán ser conseguidos polo alumnado. Non poderá superarse o módulo sen superalos, para isto deberá acadar un mínimo de 5, nos instrumentos de avaliación que avalíen mínimos exigibles.

É necesario acadar un 5 na media dos instrumentos de avaliación. Para a realización desta media se necesita acadar un mínimo dun 3,5 no instrumento de avaliación, sempre que non afecten a mínimos exigibles (requiren dun mínimo de 5)

Avaliación positiva: Media igual ou superior a 5 que realizárase a partir de notas de 4 cando sexan NON MÍNIMOS exigibles e a partires de notas de 5 cando sexan MÍNIMOS exigibles.

Avaliación negativa: de non acadar algún CA considerado como MÍNIMO EXIXIBLE o alumnado NON superará a avaliación. Isto aínda que obteña nota superior a 5 realizada coa ponderación de mínimos non exigibles.

Criterios de CUALIFICACIÓN:

Os criterios parten dos CA, ponderados para cada UD.

Así existen 4UD cada unha, que ponderan o 26 % (ud1), 24% (ud2), 25% (ud3) e 25% (ud4).

Dentro de cada UD, os CA relacionados cos instrumentos ponderan segundo o apartado 4c).

As probas escritas: Exames supoñen o 70% dos instrumentos de avaliación, o outro 30% está formado por taboas de observación e listas de cotexo.

Para obter cualificación positiva, ademáis, TODOS os criterios de avaliación mínimos teñen que estar avaliados positivamente, e isto ocurrirá cando nos instrumentos de avaliación dos mesmos se obteña una puntuación de 5 ou máis.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O profesor deseñará unha serie de exercicios e actividades a realizar polos/as estudantes que suspenderan un trimestre, para que eles/as poidan realízalos de forma autónoma fóra do horario escolar, e poder preguntar dúbidas nas horas de titoría ou durante as clases, se fose necesario. Estas tarefas serán as mesmas ou parecidas cas establecidas nas unidades didácticas traballadas durante o trimestre, modificando datos e levando a cabo unha atención educativa mais individualizada.

Os/as estudantes que non superasen algunha avaliación trimestral, unha vez realizadas as tarefas descritas, terán unha nova oportunidade de facer a proba escrita de recuperación. Esta proba consistirá na resolución de supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas teóricas de desenvolvemento ou tipo test (e dicir, terán o mesmo formato que as probas escritas da avaliación ordinaria).

Os criterios de cualificación para estas actividades de recuperación trimestrais son os seguintes:

- Tarefas: 30%
- Proba escrita: 70%

Será imprescindible, para poder superar a recuperación, ter feitas as tarefas e obter un mínimo de 5/10 na proba escrita.

No caso de suspender este exame, terán unha última oportunidade de superar a materia, realizando unha proba escrita de Recuperación Final que se programará para o mes de xuño. Cada alumno/a terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Polo tanto, na súa proba incluíranse supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas teóricas de desenvolvemento ou tipo test correspondentes ás unidades didácticas dos trimestres 1 e 2

O criterio de cualificación na recuperación final será o seguinte: Proba escrita: 100%

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba extraordinaria consistirá nun exame que avaliará os CA mínimos. Nesta proba a puntuación necesaria para a súa superación será de 5 ou máis de 5.

Esta proba podería coincidir, en data e no mesmo espazo de realización, coa recuperación establecida para o mes de xuño (dos CA non adquiridos durante o curso). O que podería non coincidir será a proba en sí. No caso da perda de avaliación, incluíranse TODOS os CA mínimos exixibles, e no caso da recuperación, só aqueles que non foron acadados no curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

7.1. PROCEDIMENTO PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN.

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino-aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo, na metodoloxía e nos obxectivos e contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpla mellor a súa función. Neste sentido cómpre fixar un procedemento de seguimento da programación na que se avaliará:

- A adecuación dos contidos recollidos para acadar as aprendizaxes propostas e a súa adecuación as características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.
- Valoración do seguimento da programación na reunión de departamento, que se celebrará cunha periodicidade mensual, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ao programado inicialmente.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente, senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

7.2. AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos de autoavaliación cumprimentados polos alumnos.
- Informes dos traballos en equipo.

- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Sesións e avaliacións.
- Reunións de departamento.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No mes de outubro lévase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado, a súa motivación no ciclo, as súas habilidades e expectativas..

Tamén me interesa coñecer o seu dominio ou non das TIC, capacidade ou habilidade informática que teñen como usuarios. Por último, fágolle preguntas sobre a súa motivación con relación ao ciclo e as expectativas que teñen con relación a este módulo.

Tamén pregunto por conceptos relacionados co módulo e os coñecementos previos que teñen; se fixeron un cursiño de prevención de riscos, de primeiros auxilios, se estiveron traballando con nómina, etc., así como hobbies e aficións, o feito de facer algunha actividade física tamén me parece interesante.

Xenérase nun ambiente distendido que propicia a sinceridade e as relacións persoais.

Posteriormente, antes de cada unidade, realízase unha avaliación inicial, a través de debates, brainstorming, etc para obter información sobre os coñecementos previos e o nivel de implicación e motivación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O obxectivo global do módulo é que o alumnado adquira os Resultados de Aprendizaxe establecidos, para o cal deberá superar necesariamente os criterios de avaliación sinalados como mínimos.

Na medida en que algún estudante non poida, nen sequera através dos procedementos establecidos nas actividades de recuperación, superar positivamente os mesmos, determinarase a posibilidade de adaptar a metodoloxía aplicada na aula para o mesmo. Para isto, analizarase conxuntamente co alumno ou alumna as razóns polas que non é quen de alcanzar os R.A. En función desta análise, proporanse novas medidas de atención individual.

No caso de que o alumno/a non acade globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos.

Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corregir os erros que se detecten.

Cando o problema está na non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo/a alumno/a, a profesora considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.

No caso de que se observe que é falta de comprensión dos contidos aprendidos, primeiro será preciso reforzalos con actividades de apoio. É posible, que do seguimento destas actividades de reforzo a profesora observe que os obxectivos ou mínimos xa foron acadados. Dará por acadados os mínimos e rematadas as actividades de apoio ou reforzo.

Cando o alumno/a promociona a segundo curso do ciclo co módulo suspenso, dependendo das circunstancias poderanse establecer medidas de apoio e seguimento con atención individualizada determinados días e horas fora do horario lectivo, incluso sinalando datas e horas para a celebración de probas, para intentar que aprobe en marzo e poida ir á FCT. No caso de que quede para xuño xa se diseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ao final fánse probas escritas que deberán superar.

Nos casos en que se trate dun alumno/a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e as

medidas que consideren nese departamento que se deban adoitar.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A metodoloxía didáctica aplicada neste módulo e recollida na presente programación, permite nun alto grao que o alumnado adquira os valores recollidos na lexislación educativa e mais no Proxecto educativo do centro.

O módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedoral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas, trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula, así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentarse a igualdade, a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumidor, educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evitanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula, e sobre todo traballarase o Sentido da Iniciativa e o Emprendemento.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programa Eduemprende: Finanzas para mortais, opción 4) : relacionado co proceso de creación dun proxecto empresarial e a constitución dun modelo de negocio viable.

Programa da Axencia Tributaria sobre Educación Cívico-Tributaria. Charla.

Colaboración co titor do grupo nas actividades nas que podamos realizar algunha achega.

Todas estas actividades realizaranse sempre e cando a situación sanitaria así o permita.

10. Outros apartados

10.1) Secuenciación

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente Programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. Ademais do libro de texto de EIE da editorial "Mc Graw Hill" como libro recomendado pero non obrigatorio, a profesor elaborará materiais propios e utilizará como plataforma de comunicación co alumnado, a aula virtual, o correo electrónico e Webex

Tamén se lles indicará como serán cualificados, indicando o peso de cada proba ou instrumento de avaliación.

Serán informados tamén das datas aproximadas dos exames, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados, así como de cando se farán os exames de recuperación.

Informarase igualmente do número de faltas de asistencia que dará lugar á perda da avaliación continua.

10.2) Información

Informarase ao alumnado da avaliación de cada instrumento, antes da súa aplicación á actividade ou proba escrita. Tamén se informará das actividades que estean relacionadas con CAmínimos, polo que necesitarán obter no instrumento de avaliación que as avalíe unha nota dun mínimo de 5

10.3) Semipresencialidad

Ante a actual situación do COVID19 este módulo adoptouse como medida a semipresencialidade e realízase da seguinte maneira:

- O grupo divídese en dous, os subgrupos asisten de maneira presencial en días alternos o centro educativo.
- As clases realízanse de maneira conxunta para ambos os grupos no horario fornecido ao alumnado polo centro educativo, o grupo que está na casa debe conectarse á plataforma WebEx no horario que lle corresponda e seguir as explicacións do profesor e a realización de tarefas.
- O alumnado que se atopa na casa asistindo ás clases vía WebEx comunicarase co profesorado na mesma plataforma ou no foro de dúbidas da aula virtual do módulo de EIE
- A entrega de tarefas será mediante a aula virtual do centro.

10.4) Avaliación non presencial

No caso de que a presencialidade nas probas escritas non sexa posible por motivos sanitarios a avaliación será da seguinte maneira:

- Probas orais a través da plataforma WebEx
- Probas a través da aula virtual.
- Probas mixtas, orais e escritas

10.5) Non presencialidade

No caso de que por motivos sanitarios non sexa posible a presencialidade na aula:

- As explicacións realizaranse telemáticamente en WebEx no mesmo horario que si de presencialidade se tratase.
- A entrega de tarefas realizarase mediante a aula virtual do centro educativo, ferramenta que utiliza o alumnado diariamente no módulo de EIE